

Semana 12

1º e 2º ESO

A mesada



Dous pais regalaron diñeiro aos seus fillos. Un deles deu ao seu fillo 250 €, o outro entregou ao seu 200 €. Resultou, non obstante, que ambos os dous fillos xuntos aumentaron a súa capital soamente en 250 €. Como se explica isto?

3º ESO, 4º ESO, FPB e CM

O avión... o avión



Un avión de 12 metros de envergadura foi fotografado dende o chan durante o seu voo no momento de pasar pola

vertical do aparato. A cámara fotográfica ten 12 cm de profundidade. Na foto o avión presenta unha envergadura de 8 mm. A que altura voaba o avión no momento de ser fotografado?

Bacharelato e CS

Por culpa das mates



Tres gardas civís observaron que o condutor dun coche se saltou un semáforo. Ningún deles memorizou a parte numérica da matrícula (de catro cifras), pero un deles era afeccionado ás matemáticas e cada un deles advertiu algunha particularidade do número. Un deles advertiu que as dúas primeiras cifras eran iguais. O segundo decatouse de que tamén coincidían as dúas últimas cifras. E o terceiro, afeccionado ás matemáticas, aseguraba que todo o número de catro cifras era un cadrado exacto. Poderíase determinar o número de matrícula con esa información?

Fora de concurso para todo aquel que queira participar

Aprendendo a contar

Cantos rectángulos podemos formar na figura que non conteñan a ningún dos cadrados negros?

